

A GLORIOSA. O SEXENIO DEMOCRÁTICO (1868-1874). CONSTITUCIÓN DE 1869.

O Sexenio Democrático (1868-1874), período que se inicia con A Gloriosa, pronunciamento que porá fin o reinado de Isabel II, suporá o triunfo do Liberalismo Democrático en España.

Entre os **factores políticos** que explican a Revolución Gloriosa podemos sinalar o feito de que sempre a raíña Isabell II chame a gobernar ós moderados excluindo ós progresistas que se verán obrigados a recorrer a pronunciamentos para acadar o goberno. Este feito xustifica que se identifique á raíña Isabel II co moderantismo. Ademais coa difusión das ideas progresistas e demócratas pola prensa, clubs políticos... increméntase a oposición á Raíña entre os intelectuais e os universitarios (represión dos universitarios na “noite de San Daniel” mobilizados en apoio de Castelar, tralo seu cese como consecuencia do seu artigo crítico contra a raíña Isabel II, “O Rasgo”)

Los alardes de fuerza que se han hecho, y que se están haciendo; esas precauciones militares, que son tan grandes como si hubiera una revolucion, ¿no son una alarma, no son una escitacion?

Son tres dias los que llevamos de alarma; son tres dias los que llevamos de precauciones militares, y todo ¿por qué? Porque el Gobierno se ha asustado de una manifestación de los estudiantes, y en vez de haber procurado destruirla por medio de la autoridad municipal, que de seguro lo hubiera conseguido, ha empleado más recursos que para vencer una gran rebelion...

¿Quién es aquí el perturbador?

Siempre que manda Narváez suceden cosas semejantes; pero nunca hemos visto cosa igual á la que estos dias está sucediendo.

¡La caballería, la infantería y la artillería en campaña, porque los estudiantes han silbado al rector!

Relato de Noite de San Daniel. La Iberia. 11 de abril de 1865

En canto ás **causas económicas** habería que resaltar as consecuencias da crise de 1866 que se espalla por toda Europa e que vai significar a xeneralización da quebra de compañías ferroviarias, peche de industrias... Ademais a política proteccionista do goberno non contribuirá á saída da crise, tendo que recorrer, por mor da numerosa débeda, a incrementar a presión fiscal coa conseguinte medida impopular de suba de impostos. A isto hai que sumar as malas colleitas desde 1865, coa conseguinte crise de subsistencias, que xunto co incremento do paro provocarán un importante malestar social, principalmente nas cidades.

“... A situación do país, mala, malísima. O crédito polo chan. A riqueza rústica e urbana, diminuíndo prodixiosamente. Os negocios, perdidos, e non sei quen se salvará deste conflito. Eu fago prodixios por salvar “ A Peninsular”, pero asegúroche, querido Xoán, que nin como nin durmo. Ninguén paga porque ninguén ten para pagar. Se vendes, ninguén merca, nin sequera cando deixas a cousa polo cincuenta por cento do seu custo. España chegou a unha grande decadencia, e eu, como bo español, desexaría que houberse medios hábiles de erguer o prestixio e a dignidade deste pobo, que merece mellor sorte. Ó non haber grande abnegación, grande desinterese, grande patriotismo en todos os progresistas e demócratas, podemos dicir que contribuímos todos á aniquilación de España”.

" MADOZ, P. Carta a D. Xoan Prim, 12 de xaneiro de 1867

Desde 1866, o goberno de O´ Donnell, xeneral que preside o partido da Unión Liberal, pretende gobernar por decreto, de costas ás Cortes. Durante o seu goberno vaise producir o pronunciamento dos **sarxentos de artillaría do Cuartel de San Gil**, en Madrid. A represión sobre os sarxentos de artillería vai motivar a actuación da camarilla da raíña que aproveitará a ocasión para desacreditar a O´Donnell e promover a Narváez como presidente do goberno, apostando por

unha liña moderada e dura. Con esta manobra, Sabela II vai perder o apoio de O'Donnell e os Unionistas e en grande parte do exército no que estaba moi implantada a Unión Liberal.

Nos últimos anos do reinado de Isabel II a política ultramoderada de Narváez coa clausura de periódicos, peche das Cortes, Depuración de políticos e militares, recorte dos presupostos da Armada... vai incrementar a oposición ó rexime isabelino entre as elites militares e na Armada, ás que se unen os sectores populares golpeados polo paro e a crise de subsistencias. Trala morte de Narváez, Isabel quédase sen apoios.

ALIANZAS POLÍTICAS

En 1866, os progresistas, liderados por Prim, e os demócratas asinan o **Pacto de Ostende**. En 1867, trala morte de O'Donnell, únese a Unión Liberal no **Pacto de Bruxelas**. Nestes pactos acórdase o derrocamento de Isabel II e tamén que unhas Cortes elixidas por Sufraxio Universal directo decidirán o futuro Sistema Político en España, ben unha Monarquía, ben unha República.

A partir de 1866, a crecente oposición ao Goberno e o desprestixio de Sabela II propiciou a unión de forzas políticas progresistas, demócratas, unionistas e moderados descontentos, para conseguir un acordo e derrocar a raíña.

Despois dunha breve discusión acordouse por unanimidade o seguinte:

1. Que o obxecto e bandeira da revolución en España é a caída dos Borbóns.
2. Que sendo para os demócratas un principio esencial do seu dogma político o sufraxio universal e admitindo os progresistas o dereito moderno constituínte do plebiscito, a base da intelixencia dos dous partidos fora que por un plebiscito (...) ou por unhas Cortes Constituíntes elixidas polo sufraxio universal, se decidiría a forma de goberno que se había de establecer en España, e sendo a monarquía, a dinastía que debía substituír á actual (...). Que se recoñecía como xefe e director militar do movemento ao xeneral Prim.

Pacto de Bruxelas. 1867

A GLORIOSA

O 18 de setembro de 1868 a Escuadra mandada polo Almirante Topete rebélase en Cádiz, e difunde un Manifesto, “España con Honra “ de López de Ayala, onde dan conta das razóns do levantamento e o rumbo a seguir coa formación dun goberno provisional e a formación dunhas Cortes elixidas por sufraxio universal. Ademais da Armada, van participar na revolución (**A Gloriosa**) parte do exército, no que sobresaen os xenerais Prim, líder do Partido Progresista, e Serrano, líder da Unión Liberal, e levantamentos populares nas cidades españolas, nas que se forman Xuntas revolucionarias lideradas principalmente polo partido demócrata. Trala vitoria na batalla de Alcolea, a raíña Sabela marcha ó exilio a Francia.

As forzas militares mandadas por Prim, Serrano e Topete pronúncianse en Cádiz en setembro de 1868, publicando o seguinte manifesto:

Españois: A cidade de Cádiz posta en armas, con toda a súa provincia, coa Armada ancorada no seu porto (...), declara solemnemente que nega a súa obediencia ao goberno de Madrid (...) resolta a non depoñer as armas ata que a nación recobre a súa soberanía, manifeste a súa vontade e se cumpra (...).

Aldraxada a lei fundamental (...), corrompido o sufraxio pola ameaza e o suborno (...), morto o municipio, pasto a Administración e a Facenda da inmoralidade (...), tiranizado o ensino, muda a prensa (...). Tal é a España de hoxe (...). Queremos que un goberno provisional que represente todas as forzas vivas do país asegure a orde, en tanto que o sufraxio universal bota os cementos da nosa rexeneración social e política.

Contamos para realizar o noso inquebrantable propósito co concurso de todos os liberais (...), das clases acomodadas (...), cos ardentes partidarios das liberdades individuais (...), co pobo todo e coa aprobación, en fin, da Europa enteira (...). Acudide ás armas, non co impulso do rancor, sempre funesto; non coa furia da ira, sempre débil, senón coa solemne e poderosa serenidade con que a xustiza empuña a súa espada.

Viva España con honra!

DUQUE DE LA TORRE [Serrano], Xoán PRIM, Domingo DULCE (...), Xoán TOPETE. **Manifiesto.** 19-9-1868

PROGRAMA REVOLUCIONARIO

O programa revolucionario, que se recolle nos diversos manifestos das Xuntas revolucionarias, coincide co ideario democrático. Afírmase a separación ríxida de poderes, a Soberanía nacional, a Monarquía Parlamentaria, amplas liberdades (Reunión, Asociación), sufraxio universal, elección popular de alcaldes, xuízos por xurados, descentralización, liberdade de cultos, goberno democrático.

O 19 de setembro de 1868, a Xunta Superior Revolucionaria dá a coñecer a seguinte proclama:

“A Xunta Superior Revolucionaria, fiel á súa elevada orixe, fai a seguinte declaración de dereitos: Sufraxio universal. Liberdade de cultos. Liberdade de ensinanza. Liberdade de reunión e asociación pacíficas. Liberdade de imprenta (...). Descentralización administrativa que devolva a autoridade aos concellos e ás provincias. Xuízo de xurados en materia criminal (...). Inmobiliade xudicial

O 27 de setembro de 1868, a Xunta de Goberno de Málaga súmase con esta proclama á revolución coñecida como Gloriosa:

“Aspiramos á liberdade de conciencia (...) Imos, pois, establecer a liberdade de cultos. Aspiramos á liberdade de sufraxio (...), proclamamos o sufraxio universal.

Aspiramos á liberdade da razón, e queremos o ensino libre, e que o pensamento escrito circule sen trabo. Aspiramos, en fin, á liberdade económica e de asociación (...).

Queremos Cortes Constituíntes, expresión fiel da soberanía da Nación, para que promulguen unha Constitución (...).

Cidadáns: ¡Viva a liberdade! ¡Viva a soberanía nacional! ¡Abaixo os Borbóns!”.

GOBERNO PROVISIONAL. MEDIDAS.

Ata o 21 de setembro de 1868 conviven 2 poderes, as Xuntas democráticas das cidades e o goberno Provisional (setembro de 1868-xuño de 1869), formado por progresistas e unionistas (non participan os demócratas), liderado por Prim, Serrano e Topete.

As xuntas procederon a levar adiante algunhas medidas como a formación de milicias, a abolición inmediata dos consumos e dos dereitos de portas, o peche e demolición de numerosas igrexas, ademais da ocupación dalgúns terras.

Aínda que o goberno Provisional desarmará ás milicias, disolverá as Xuntas e revocará moitas das súas medidas (supresión de quintas, abolición de consumos...), aprobará unha serie de decretos que recollerán parte do ideario democrático: garantía de liberdade relixiosa, expulsión dos xesuítas, legalización do matrimonio civil, supresión do imposto de consumos e incorporación dos membros das Xuntas nos novos Concellos e Deputacións.

O goberno Provisional continuou coa Desamortización, promoveu a construción de centros educativos e implantou a elección de alcaldes polos concelleiros. Ademais destacan os decretos de liberdade de asociación, liberdade de imprenta

e o decreto de Sufraxio Universal, de Sagasta, que contemplaba a circunscrición electoral provincial.


O goberno provisional proclamou como sistema político a Monarquía Parlamentaria, sen esperar a ser confirmada pola nova Constitución, o que provocou, dunha banda, o abandono do Partido Demócrata por parte dos partidarios da Monarquía, os Cimbrios: e doutra, a conversión do Partido Demócrata no Partido Republicano Federal.

Desde o punto de vista económico, destaca a figura do ministro de Facenda Figuerola que implantará un **novo arancel**, máis cativo, que trataba de favorecer o comercio e a modernización da industria facilitando a importación de maquinaria e de materias primas. Figuerola impulsou a **creación da peseta** e a **“desamortización”** das minas, abrindo as portas ós capitais estranxeiros, ingleses, franceses, belgas e alemáns á produción mineira que experimentou a partir deste momento un importante pulo.

O goberno provisional atoparase como principais problemas: insurreccións republicanas, o **incremento da conflictividade social consecuencia da crise económica e do malestar dos traballadores ante a falta de medidas sociais do goberno**, e a Guerra de Cuba que se espallara durante 10 anos na illa e que suporá graves perdas humanas e económicas (miles de mortos e problemas de Facenda).

PRINCIPALIS FORZAS POLÍTICAS

No panorama político, a principios de 1869, asistíase a un arco político conformado do seguinte modo:



A CONSTITUCIÓN DE 1869

Tal como contemplaba o Pacto de Ostende as eleccións a Cortes Constituíntes celebráronse por sufraxio universal. A Constitución de 1869 é a 1ª Constitución democrática de España. Nela proclámase a soberanía nacional, o sufraxio universal masculino e como sistema político a Monarquía Parlamentaria, “o Rei reina, pero non goberna”.

En canto ós dereitos e liberdades, son amplos, inviolables e están garantidos pola Constitución (impiden a súa limitación por leis posteriores, sancións para funcionarios que infrinxan os dereitos dos cidadáns e indemnizacións para os cidadáns vítimas de atentados contra as liberdades). Recóllense como novos os dereitos de reunión e asociación, liberdade de traballo para os estranxeiros,

inviolabilidade de domicilio e correspondencia, Liberdade de conciencia e liberdade relixiosa.

En canto ós poderes, hai que destacar a ríxida separación de poderes. O poder Executivo reside no Rei (non comparte soberanía nin poder lexislativo coas Cortes). O Poder Lexislativo reside nunhas Cortes bicamerais, Congreso e Senado, sendo tanto deputados como senadores elixidos (deputados por sufraxio directo; senadores, indirecto). O poder xudicial proclámase independente e recoñece o acceso á xudicatura mediante oposición e contéplase os xuízos por xurados.

En canto ás relacións Igrexa-Estado, Aínda que recolle a Liberdade de cultos (en público e privado), a nación obrígase a manter o culto e o clero católico.

A Constitución tamén contempla a elección democrática de Concellos e Deputacións.

Ademais da Constitución, As Cortes **aboliron a escravitude, aboliron a pena de morte, emprenderon a reforma penitenciaria, avogaron por mellorar as condicións de vida da clase traballadora e manifestáronse a prol da promoción sociocultural da muller.**

.-Constitución de 1869:

“A Nación Española, e no seu nome as Cortes Constituíntes, elixidas por sufraxio universal, desexando afianzar a xustiza, a liberdade e a seguridade, e prover ao ben de cantos vivan en España, decretan e sancionan a seguinte Constitución (...)

Art.2. Ningún español nin estranxeiro poderá ser detido nin preso senón por causa de delito.

Art.7. En ningún caso poderá deterse nin abrirse pola autoridade gobernativa a correspondencia confiada ao correo, nin tampouco deterse a telegráfica. (...)

Art.13. Ninguén poderá ser privado temporal ou perpetuamente dos seus bens e dereitos, nin turbado na posesión deles, senón en virtude de sentenza xudicial.

Art.15. Ninguén está obrigado a pagar contribución que non fose votada en Cortes, ou polas corporacións populares legalmente autorizadas para impoñela.

Art.16. Ningún español que se encontre en pleno goce dos seus dereitos civís poderá ser privado do dereito de votar nas eleccións de senadores, deputados a Cortes, deputados provinciais e concelleiros.

Art. 17. Tampouco pode ser privado ningún español: do dereito de emitir libremente as súas ideas e opinións, xa de palabra, xa por escrito (...). Do dereito de reunirse pacificamente. Do dereito de asociarse para tódolos fins da vida humana que non sexan contrarios á moral pública (...).

Art.21. A nación obrígase a manter o culto e aos ministros da relixión católica. O exercicio público ou privado de calquer outro culto queda garantido (...) sen máis limitacións que as regras universais da moral e do dereito

Art. 32. A soberanía reside esencialmente na nación, da cal emanan tódolos poderes.

Art. 33. A forma de goberno da Nación Española é a Monarquía.

Art. 34. A potestade de facer as leis reside nas Cortes. O Rei sanciona e promulga as leis.

Art. 35. O poder executivo reside no Rei, que o exerce por medio dos ministros.

Art 36. Os tribunais exercen o poder xudicial”,

Art.38. As Cortes están formadas por dous corpos colexisladores: Senado e Congreso. (...)

Art.68. O rei nomea e separa libremente os ministros

CONCLUSIÓN

Prim convértese na principal figura política da Gloriosa, progresista e defensor da Monarquía como sistema político, liderará a busca de novo monarca. Trala promulgación da Constitución de 1869, iníciase o período da Rexencia de Serrano, .caracterizado pola procura dun novo Rei. Ante as dificultades postas polas

distintas Cortes europeas, Prim vaise erixir no valedor de Amadeo de Savoia, que se converterá no primeiro Rei de España elixido polas Cortes

- **O FRACASO DA MONARQUÍA DEMOCRÁTICA DE AMADEO (1871- 1873)**

Tralo asasinato de Prim, o Rei atoparase á súa chegada sen valedor, sen o apoio da sociedade española, cunha crise dos partidos políticos asinantes do Pacto de Ostende e con 2 conflitos armados, a II Guerra Carlista na Península e a Guerra en Cuba.

A aceptación de Amadeo de Savoia como rei non era unánime, contaba unicamente co apoio de Prim e dos progresistas, e na súa elección, dos 311 deputados **so recibiu 191 apoios**, o resto de partidos políticos e a sociedade española amosaba reserva, escepticismo ou aberta **oposición (Don Macarrone, Don Melone I)**. A oposición ó Rei é case unánime:

- **A oposición da nobreza de sangue**, partidaria da dinastía borbónica.
- **A oposición da Igrexa** A liberdade de cultos que se implanta no Sexenio, súmase o feito da pertenza de Amadeo á familia do Rei de Italia Vítor Manuel II ó que o Papa non reconece
- **O afastamento de sectores económicos poderosos**, A burguesía de negocios, ligada ós intereses en Cuba, senten unha ameaza a abolición da escravitude.
- **A sublevación carlista**,
- **A difusión entre o movemento obreiro da I Internacional**. Influída maioritariamente polo anarquismo. O goberno levará adiante a disolución de sindicatos e a ilegalización da AIT.
- **O problema cubano**. Aparecen os primeiros brotes de independentismo en Cuba.
- **A belixerancia do sector intransixente do republicanismo**, que avogarán polo retraemento político, a non participación e a negación da lexitimidade do sistema político.
- **A Inestabilidade política e a descomposición interna dos partidos políticos como o progresista**, Os 2 anos de reinado serán dunha continua **inestabilidade política con 8 gobernos distintos e 3 eleccións en 2 anos**

Cando o goberno presentoulle ó Rei en febreiro de 1873 o **decreto para disolver o corpo de artillería** (tras negarse os xefes e oficiais a aceptar o nomeamento do xeneral Baltasar Hidalgo), tras conseguir o goberno o apoio das Cortes, **o Rei Amadeo, tras firmar o decreto**, co que non estaba de acordo, **renunciou ó día seguinte á coroa** (segundo Engels, o primeiro Rei en folga). A falta de apoios e a situación tan complicada levara á abdicación de Amadeo e dará paso á experiencia da 1ª República española.